


# CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

10 e 11 de febreiro do 2018

VI TEMPO ORDINARIO



OS COTOS CO POBO DE SIRIA  
E CON TODOS OS REFUXIADOS



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 nº 3 *Unha xuntanza de amor*

SAÚDO DE BENVIDA

*Celebrante*

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para facer comunidade no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe, reunidos, celebramos a nosa fe, e como a semana pasada, o evanxeo vainos dicir que unha das cousas que mellor facía Xesús era estar atento e cerca dos enfermos e marxidados.

El non pechaba os ollos ás realidades de dor e sufrimento, el achegábase, el escoitaba, el daba o mellor de si mesmo, e facíao de tal xeito que todo o mundo o buscaba, e xa non podía entrar nas aldeas, quedaba ás aforas e era alí onde se atopaba cos que eran expulsados (leprosos, cegos, tolleitos ... ). El non os marxidaba, ao contrario, el atendíaos.

Quen son hoxe os homes e mulleres que están esperando o noso corazón acolledor e as nosas mans atentas?

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** Este xeito de vivir Xesús demóstranos que vale a pena compartir con todas as persoas, sen facer diferenzas, sen medo a achegarnos a aqueles que non teñen a ninguén, a aqueles que non contan. Así queremos renovar diante Deus os nosos compromisos ao tempo que pedimos perdón:

### *Monitor/a*

- Comprometémonos a vivir sen marxinar?

#### **SI COMPROMETÉMONOS**

- Comprometémonos a mirar a realidade sen pechar os ollos a tantos homes e mulleres que teñen que vivir en situacións miserentas, sen futuro e sen dignidade?

#### **SI COMPROMETÉMONOS**

- Comprometémonos a pór da nosa parte todo o que estea nas nosas mans achegándonos, compartindo e axudando a erguer a quen se sente marxinado?

#### **SI COMPROMETÉMONOS**

**Celebrante** Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns, e dos que se senten marxidados. A todos nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. Amén.

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante** Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior, e dun xeito especial queremos ser hoxe a voz dos enfermos, dos maiores, dos que se senten sos e marxidados.

*(silenzio)*

### *Celebrante*

Deus, Noso Pai, ti prometiches estar sempre naqueles que te aman con corazón recto e sincero.

Fai que a túa graza nos axude a vivir de xeito que merezamos ser a túa morada. Acóllenos e concédenos vivir dando sempre unha man aos demais. Así o fixo Xesús, e por El, pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

## **2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS**

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

*No Leccionario II – B páxina 185*

*LECTURA*

**LECTURA DA CARTA AOS CORINTIOS**

**CANTO Nº 50**  *Na tardiña baixa da vida* **SALMO**

**(en pé)** *No Leccionario II – B páxina 185* **EVANXEO**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO**

**SEGUNDO MARCOS**

**(sentad@s)** gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**

**Celebrante** Neste encontro parroquial, da man de Xesús, queremos ser coherentes na fe, e coma El queremos achegarnos a quen é marxinado e a quen necesita dunha mans. Xuntos proclamamos esta fe que compartimos:

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a**

Credes en Deus Pai,  
creador do ceo e máis da terra,  
que pon nas nosas mans  
o facer do mundo “casa común” e fogar acolledor  
de xeito que ninguén se sinta marxinado?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús,  
o seu fillo benquerido,  
que viviu nesta terra estando á beira  
das persoas enfermas, dándolles unha man e  
ofrecendo sempre o mellor de si mesmo?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo,  
que nos alenta para dar resposta ao Señor  
co noso bo facer de cada día,  
facéndonos cribles como igrexa acolledora  
que pregoa o evanxeo da vida?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

**Celebrante** *Oremos a Xesús, e con el acheguémonos aos demais coa mesma forza coa que el se achegaba a maiores, a enfermos, a quen se sentía marxinado. Oremos dicindo* **Señor pómonos nas túas mans**

**Monitor/a**

1. Recemos con todos os enfermos infecciosos que sofren máis marxinação, como poden ser os da SIDA, os da ébola ou os leprosos. Dicimos con fe
2. Recemos por toda a xente que nas casas e nos hospitais atenden aos enfermos, e recemos tamén por organizacións como médicos sen fronteiras que traballan por arrincar enfermidades curables, como a lepra, nos países do terceiro mundo. Oremos
3. Lembrando ao enfermo do evanxeo de hoxe, recemos con todas as persoas que viven e sofren sen futuro, recemos polos enfermos terminais e polas persoas que están sufrindo á súa beira. Dicimos con fe
4. Pensando no presente e no futuro, recemos polos nenos e nenas da nosa comunidade dos Cotos, para que medren valorando e mellorando a vida do mundo rural. Oremos

**Celebrante** *Señor escoita as nosas pregarías, e énchenos do alento que te levaba a achegarte aos demais. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

*Celebrante* Entremos no corazón do Deus que é Pai,  
deixémonos encher do seu amar e con Xesús e os  
seus feitos recemos como nos ensinou

NOSO PAI ...

#### SIGNO DA PAZ

*Celebrante* As nosas mans tendidas uns para os outros  
expresan a nosa vontade de ser coherentes nos  
feitos; se o noso corazón vai cheo de fraternidade e  
acollida as nosas palabras valerán a pena, as nosas  
vidas farán crible o evanxeo e as nosas mans  
poderán compartir na paz. Fagámolo.

**CANTO** 🎵 *nº 36 Fagamos a paz irmáns*

#### COMUÑÓN

*Celebrante* A mesa da Eucaristía é anticipo da mesa  
do Reino; participar nela é comprometer a vida  
en construír un mundo que sexa todo el mesa  
compartida e “casa común”. Non podemos  
virar as costas a tantos homes e mulleres que  
hoxe son marxidados.

Facendo crible o evanxeo sintámonos ditosos  
nós, chamados e convidados a compartir este  
pan do Señor.

**CANTO** 🎵 *nº 48 O pouco que Deus nos dá*

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

##### *Celebrante*

Señor, seguros da túa bondade  
ti fixeches que compartísemos  
esta celebración de vida e de fe,  
fai que busquemos sempre aquelas realidades  
que dan un verdadeiro sentido ao noso vivir.  
Pedímoscho polo mesmo Xesucristo,  
noso irmán, que vive e reina  
por sempre eternamente. Amén

*Xesús convídanos a que nos fíemos de Deus, porque El  
é o Deus da VIDA que confía en nós, nas nosas palabras  
e nos nosos feitos.*

*A comunidade na que hoxe compartimos faise viva e  
crible así: nos feitos de cada día.*

*Non nos contentemos co que pasa ao noso arredor, é  
hora de facer coma Xesús. Que esta sexa unha semana  
de proveito na nosa parroquia de ....*

Que o Señor nos bendiga,†  
nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén

*Avísase das misas (ver folla do mes)*